

## ANUNCIO

### *Aprobación inicial de modificación da ordenanza xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria. Concello de Valdoviño*

En sesión plenaria de data 05 de marzo de 2020, acordouse aprobar inicialmente a modificación da ordenanza xeral sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

De conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local dito acordo de aprobación inicial así como o texto modificado sometese a exposición pública por prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na web municipal, por prazo de 30 días hábiles, a efectos de exame e alegacións. Para o suposto de non presentarse alegacións, o acordo de aprobación inicial quedará elevado a definitivo de forma automática.

A estes efectos publicase o texto das modificacións:

.- Modificar o punto 4 do apartado REGULACIÓN, incluíndo un punto i, debendo dicir:

- i) Zona de estacionamento de Rotonda de Praia Frouxeira-Valdoviño, (1C.6.0034), un tramo de 35 m. de lonxitude, dende a intersección co vial de titularidade municipal que se identifica co número de activo 1C.6.0099.

.- Modificar o apartado REGULACIÓN, concretamente:

Un: Deixar sen efecto o punto 2.1 f) do apartado REGULACIÓN da ordenanza xeral sobre tráfico circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

Dous: Engadir un punto 2.1 h) ao apartado REGULACIÓN da ordenanza, debendo dicir:

- h) Vial que se identifica co número de activo 1C.6.0029, no lugar de A Saiña.

Tres: Engadir un punto 2.1 i) ao apartado REGULACIÓN da ordenanza, debendo dicir:

- i) Vial que se identifica co número de activo 1C.6.0091, no lugar da Saiña; marxe dereita en sentido ascendente, un tramo de 100 m de lonxitude, quedando dende este punto totalmente prohibido o estacionamento nun tramo de 130 m. ata a intersección co vial que se identifica co número de activo 1C.6.0029.

Valdoviño, 09 de marzo de 2020

O Alcalde. Asdo: Alberto González Fernández